

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 14 DE MAIO DE 2019

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Barrriocanal López, Yolanda

Castro Pérez, Ladislao

Juana López, Jesús de

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Domínguez López, Ángel

Presedo Garazo, Antonio

Alumnado 3º ciclo

Souto Castro, Iria

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Desculpan a súa ausencia:

PDI

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Estudantes

Núñez Remacho, Virginia

Na sala de profesorado da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnen-se os membros da Xunta de Facultade que figuran ao marxe, o martes 14 de maio de 2019, ás 12.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión extraordinaria do 26 de febreiro*, e á acta correspondente á sesión ordinaria do 15 de marzo de 2019.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, da solicitude de apoio presentada por Alberte Reboreda na que solicita á Facultade de Historia a que inste publicamente á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia a aplicar con urxencia as medidas que contén a Lei 5/2016 a fin de evitar o colapso e a ruína inminente da obra arquitectónica A Fonte de Troncoso ou Saidoiro (coord. UTM 543271, 4675038).
4. Aprobación, se procede, da modificación da PDA da Área 450 Historia Contemporánea, derivada da proposta formulada pola Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado ao Departamento de Historia, Arte e Xeografía.
5. Aprobación, se procede, da modificación da memoria do Mestrado Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo).
6. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos validados na Comisión de Calidade celebrada o día 10 de maio 2019:
 - I. Plan de Promoción das Titulacións do curso 2019/2020 e informe dese mesmo plan do curso 2018/2019.
 - II. Plan de actuación dos servizos permanentes do centro correspondente ao curso 2018/2019.
 - III. Informe de Xestión dos Servizos Contratados, do curso 2018/2019.
 - IV. Plan Operativo de Información Pública e Rendemento de Contas.
7. Rolda de intervencións.

A decana pasa a dar lectura dos nomes dos membros da Xunta de Facultade que xustifican a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta. Indica tamén que non está presente por atoparse de baixa por enfermidade o Prof. Alberto Valín Fernández.

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión extraordinaria do 26 de febreiro*, e á acta correspondente á sesión ordinaria do 15 de marzo de 2019.

A acta da sesión extraordinaria do 26 de febreiro debería ser sido aprobada na sesión ordinaria de 15 de marzo de 2019, pero por un erro non se incluíu na orde do día da citada sesión. Feita esta aclaración apróbanse as dúas actas por asentimento.

2. Informe da presidenta.

Convocáronse dous premios nos que colabora e participa a Facultade de Historia *O Premio Xesús Taboada Chivite*, dotado con 6000 euros e o *Premio Masonería Aberta* dotado con 500 euros. Anima aos presentes que poidan participar a que se presenten ou ben a que animen ao seu alumnado a presentarse.

Dentro da campaña de promoción do centro, o día 24 de maio celebraranse as *II Olimpíadas Galegas de Historia*, na que participarán 30 centros de Galicia. Explica as bases da convocatoria, os organismos colaboradores, como se desenvolverá a actividade e os agasallos e premios que recibirán as persoas participantes. Toda a información está colgada na páxina web. O día das Olimpíadas asistirá a Vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria. Pide a todo o profesorado que estea presente ese día. Publicouse tamén a convocatoria de voluntariado para a actividade, haberá un número aproximado de dez persoas entre estudantes e egresados que colaborarán coa organización.

Englobado na campaña de captación de alumnado creouse unha conta de Instagram da facultade. Fai un chamamento aos presentes para que se animen e sigan a *historiaourense*.

Informa por último de que están dispoñibles as enquisas de satisfacción do profesorado e as do alumnado de 3º na Secretaría virtual.

Estase adiantando no tema da publicación, en formato libro, do III Congreso Internacional da Auga, edición que este ano foi organizada pola Facultade de Historia.

Hai nestes momentos unha campaña de normalización lingüística para animar á implantación de Graos no que o 80% da docencia se realice en galego. Unha vez

consultado ao profesorado, se ben na implantación global, si podería alcanzarse esta cifra, parece que en 1º curso non sería posible.

Expón que mantivo xuntanzas cos delegados de todos os cursos e coa Delegación de alumnado. En liñas xerais o alumnado de primeiro curso está contento, consideran que todo vai correctamente. Os de cuarto curso están nestes momentos preparando a Graduación, materias pendentes e o TFG. Preséntase un punto de inflexión no alumnado de terceiro curso, igual que aconteceu o curso pasado, terceiro é un curso que asemella difícil poderíase definir como un curso de crise.

Os problemas que lle comentaron: materias moi descompensadas, moito nivel de esixencia que se compensa en parte con materias nas que o nivel de esixencia é menor; de non ser así non poderían co curso. Susana Reboreda pediulles un maior nivel de concreción pero non o conseguiu. Argumentan que detectan falta de confianza do profesorado neles. Haberá outra reunión para tentar concretar, aclarar algo máis e buscar solucións ao problema de esas crise existencial que parece aparecer cando cursan terceiro. De segundo curso non asistiu ninguén á reunión.

O Alumnado do PCEO, queixouse dos horarios porque teñen días sobrecargados de docencia e outros días moi poucas horas. Habería que tentar mellorar este aspecto nos horarios que se realicen para o curso 2019/2020. Outra queixa foi o pouco acollidos que están na outra titulación o Grao en Turismo. A nova coordinadora do Grao é Dolores Rivero á que xa lle escribiron. Nunca tiveron reunión con ninguén, comentan que ás veces se esquecen deles para metelos nos grupos.

Outro problema é que o cambio de materias que se solicitou e aprobou para o PCEO na Xunta de Facultade de Historia non pasou pola Xunta de Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo. Canto máis se tarde en asumir o cambio máis graves serán as consecuencias. Consideran que deberían ter exames específicos para o PCEO. Reclaman que se teña en conta a circunstancia de que están cursando dous Graos ao mesmo tempo.

En relación ao alumando semipresencial Susana Reboreda, convocounos pero de momento non se lles adaptaron ás datas ás súas obrigas e non houbo reunión. Volveunos convocar para esta tarde, espera que asistan á reunión.

3. Aprobación, se procede, da solicitude de apoio presentada por Alberte Reboreda na que solicita á Facultade de Historia a que inste publicamente á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia a aplicar con urxencia as medidas que contén a Lei 5/2016 a fin de evitar o colapso e a ruína inminente da obra arquitectónica A Fonte de Troncoso ou Saidoiro (coord. UTM 543271, 4675038).

Explícanse as liñas xerais do escrito presentado por Alberte Reboreda en relación ao estado en que se atopa a Fonte de Troncoso de Antonio Palacios.

O profesor Julio Prada pide que se aclare que se entende por “instar publicamente”. A profesora Yolanda Barriocanal comenta que dada a riqueza monumental coa que conta Galicia é moi difícil dotar de protección a todos os bens culturais que posúe a comunidade autónoma.

Conclúese dicindo que dado que se trata dunha petición concreta e fundamentada apoiárase por parte da Facultade de Historia a petición para que a fonte se restaure.

4. Aprobación, se procede, da modificación da PDA da Área 450 Historia Contemporánea, derivada da proposta formulada pola Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado ao Departamento de Historia, Arte e Xeografía.

Expón Susana Reboreda que se trata dunha solicitude expresa por parte da Vicerreitoría ante a casuística do Profesor Alberto Valín que presenta baixa médica no cuadrimestre en que ten docencia. Desde a vicerreitoría, para casos parecidos instan sempre a que a docencia nestes casos tan particulares se reparta nos dous cuadrimestres.

Tendo en conta esta petición, apróbase que a materia de Historia Contemporánea de Galicia pase ao primeiro cuadrimestre.

Explica Fermín Pérez que é o Director do Departamento que a única modificación de POD consistirá en introducir esa materia como do primeiro cuadrimestre cando antes estaba no segundo.

5. Aprobación, se procede, da modificación da memoria do Mestrado Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo).

Este punto corresponderíalle mellor explicalo a Beatriz Comendador como coordinadora pola UVigo do citado mestrado pero se atopa de permiso. Por ese motivo a decana pasa a detallar todos os aspectos que comentou a coordinadora na reunión de Calidade do día 10 de maio. A remodelación en principio era sinxela porque consistía unicamente en incorporar á Universidade da Coruña, pero ao final incorpóranse outros cambios nas materias porque deixa de impartir docencia gran parte do profesorado do CSIC. A estrutura global queda máis ou menos igual, agás as prácticas que serán obrigatorias. Incorpórase profesorado da Universidade de León, por expreso desexo deles.

Para a coordinadora o máis importante nesta memoria é o papel das comisións académicas no mestrado. Ao coordinarse desde a Universidade de Santiago de Compostela, parece que as comisións das universidades de Vigo e da Coruña actúan

como convidadas. A comisión académica é o órgano máis importante nas decisións que se toman sobre o título. Beatriz Comendador, propón que apareza de xeito máis evidente a existencia de comisións por parte das universidades participantes, aínda que non teñan competencias de forma plena. Recalcou a relevancia de velar e potenciar o papel da comisión académica interuniversitaria.

Outro problema detectado sons os diferentes prazos de matrícula das universidades de Galicia é o diferente trato no que a servizos dos que pode desfrutar e recibir o alumnado que se matricula pola USC, que por exemplo pode facer uso da wifi do campus, da biblioteca, algo que o alumnado que se matricula pola UVigo non pode dispor dun xeito sinxelo, directo e rápido.

Houbo tamén un punto no que houbo especial desacordo, que é un punto de vista formal pero que non por iso é un punto menor. Explicou que a memoria precisa dunha redacción inclusiva de xénero. O coordinador da USC considera que hai que aterse á normativa da RAE. Beatriz Comendador considera que se debería rexer polas recomendacións normativas das unidades de igualdade das universidades participantes. A UDC non se pronuncia ao respecto.

Conclúíuse que estas consideracións relativas á linguaxe levaríanse a xunta de facultade para que se pronuncie ao respecto e que o acordo remitiríase á USC para a súa toma en consideración.

Yolanda Barriocanal explica que botou en falta na páxina 7 na que hai unha recompilación de leis sobre o Patrimonio que non apareza a lei 5/2016 de Galicia.

Apróbase a memoria por asentimento e acordase formular á petición á USC nos seguintes termos:

Reunida a Xunta de Facultade de Historia, en sesión ordinaria o día 14 de maio de 2019, acordouse aprobar á solicitude, de que se empregue unha linguaxe inclusiva na redacción da memoria do Mestrado Interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, en canto a linguaxe inclusiva é un efecto, unha garantía que han de cumprir os documentos administrativos. A Universidade de Vigo a través do Plan de igualdade promove o cumprimento desta cuestión e queda recollido tamén no art. 54 dos seus estatutos.

Na xuntanza de calidade comentouse tamén a posibilidade de solicitar que a memoria se realizara en galego pero fíxose a consulta á Área de Calidade e o único que está recollido é que polo menos estea en castelán.

6. Aprobación, se procede, dos seguintes puntos validados na Comisión de Calidade celebrada o día 10 de maio 2019.

I. Plan de Promoción das Titulacións do curso 2019/2020 e informe dese mesmo plan do curso 2018/2019.

En relación as accións encargadas á empresa NASAS, que promociona a captación de alumnado semipresencial, este ano diminuíronse motivadas pola redución dos orzamentos na facultade e porque son accións en xeral dun alto custe económico. Este ano a campaña centrase en tres personaxes Velázquez, Frida Kahlo e Nefertiti. Destaca que está sendo un rotundo éxito as actividades divulgativas realizadas por Xeitura nos centros educativos de secundaria, especialmente na provincia de Pontevedra. Considérase que está tendo máis repercusión como proba o feito de que a matrícula presencial é a que está subindo. Non haberá campaña na radio porque este ano non está subvencionada como en anos anteriores.

II. Plan de actuación dos servizos permanentes do centro correspondente ao curso 2018/2019.

Apróbase por asentimento.

III. Informe de Xestión dos Servizos Contratados, do curso 2018/2019.

Na comisión de calidade celebrada o día 10 de maio, José María Eguileta Franco, membro da citada comisión, aportou o dato de que o Edificio de Ferro é un edificio protexido por ese motivo, a limpeza de fachadas debe ser realizada por determinadas empresas habilitadas.

Apróbase por asentimento este informe pero darase conta deste acordo á administradora de campus.

IV. Plan Operativo de Información Pública e Rendemento de Contas.

Apróbase por asentimento

7. Rolda de intervencións.

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.25 h do día 14 de maio de 2019, da que eu como secretaria , dou fe co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Asinado dixitalmente

Asinado dixitalmente

Susana Reboreda Morillo

Josefina Cadilla Lomba